

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2015, SUPLETORIA DA CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE AGOSTO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezaseis de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Faise constar que esta sesión ten lugar con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de agosto de 2015, isto á vista de que na sesión conxunta das comisións informativas do día 22 de xullo de 2015, todos os concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade en modificar a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de agosto.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Augusto Rey Moreno, dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona M^a Olga Santos López, de ACdC-SON.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de examinar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, os vinte concelleiros asistentes á sesión, xunto co público presente, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas do accidente de rallye en Carral.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2016

Vista a proposta da Alcaldía do día 1 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/6816 o día 27 de xullo de 2015, procedente da Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, solicitando que por este concello se envíe a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2016.

Propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Establecer como festivos para o ano 2016 o día 9 de febreiro, martes de Entroido, e o día 16 de agosto de 2016.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 9 de setembro de 2015.

O Sr. alcalde explica que a proposta do grupo de goberno é que sexan festivos o día 9 de febreiro, martes de Entroido e o día 16 de agosto, xa que o San Xoan xa é festivo autonómico.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que vai votar a prol desta proposta, tal e como fixeron nas comisións informativas.

Os voceiros e concelleiros de ACdC-SON, BNG e GM (C's) tamén amosan a súa conformidade coa proposta presentada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Designación de representante do Concello de Cambre na sociedade EDAR BENS, S.A.

Vista a proposta da Alcaldía do día 2 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día vinte e seis de setembro de dous mil trece adoptou o acordo de creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais e a súa xestión de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A.

Tendo en conta que por Resolución desta Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, efectuei a delegación da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos a prol de don Augusto Rey Moreno, primeiro tenente de alcalde, comprensiva, entre outras, das materias de:

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, ...
- Inspección e control dos servizos públicos,
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas

Considerando canto antecede e, en aplicación do disposto nos artigos 41c) do Regulamento orgánico municipal e artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, é polo que propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Nomear representante do Concello de Cambre nos órganos de representación da sociedade EDAR BENS S.A. a don Augusto Rey Moreno, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos.

Segundo: Dar traslado deste acordo á dirección da sociedade EDAR BENS S.A. para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 9 de setembro de 2015.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención, xa que entenden que é o Goberno o que ten a capacidade para designar o seu representante na Edar de Bens.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, manifesta que tamén eles manteñen o seu voto de abstención.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José Hidalgo García, voceira do GM (C's), manifesta que vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP e o concelleiro presente de ACdC-SON.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Proposta de constitución, con carácter permanente, da Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación nos procedementos abertos, restrinxidos e procedementos negociados con publicidade

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 4 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que con data do día 13 de xuño de 2015, se realizou a sesión constitutiva da nova Corporación, resultante das eleccións levadas a cabo o día 24 de maio anterior, polo que xa non resulta de aplicación o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre coa data do 17 de novembro de 2011, no que fora constituída a mesa de contratación permanente, como consecuencia da nova restructuración orgánica municipal, coas sucesivas actualizacións dos seus membros integrantes, designados polos distintos grupos municipais.

En uso das atribucións que me confiren o artigo 320.3 e maila Disposición Adicional Segunda, punto decimo, do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, respecto da competencia para a designación dos membros da Mesa de contratación, como órgano de contratación, segundo as competencias atribuídas aos alcaldes e presidentes das Corporacións Locais na propia Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, do RDL 3/2011, e facendo uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde, segundo a Resolución nº 1111 de data 23 de xuño de 2015, propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 320 do antedito RDL 3/2011.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polo seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar, o concelleiro-delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente don Juan González Leirós.

- Vogais:

- 1.- O concelleiro- delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos don Augusto Rey Moreno, e como suplente, o concelleiro-delegado da Área de Recursos Humanos e Sanidade, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.
- 2.- O/A concelleiro/a-delegado/a da área municipal que propoña a contratación da obra, servizo ou subministración de que se trate
- 3.- Un representante do grupo municipal do Partido Popular (PP), a designar polo grupo municipal (titular e suplente)

- 4.- Un representante do grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
- 5.- Un representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
- 6.- Un representante do grupo Mixto, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
- 7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M^a Otero López
- 8.- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, dona Isabel M^a Fuentes Torices
- 9.- O técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate, ou funcionario/a da mesma sección no que delegue.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M^a Otero López

- Ás sesións da Mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, e que actuarán con voz, pero sen voto. Esta medida adoptárase cando non existan, nin entre os vogais da Mesa de contratación nin no cadro de persoal do concello, expertos idóneos para informar expedientes de especial complexidade técnica, e requirirá que a Mesa así o decida por maioría dos seus membros, a proposta do presidente ou dalgún/s dos vogais que a integran.

Terceiro: Dado que a designación dos membros da Mesa de contratación ten carácter permanente, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e art. 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 9 de setembro de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a Mesa de Contratación que se propón constituír hoxe, está destinada a asistir, tanto ao Pleno como ao alcalde, cando sexan os órganos de contratación, nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade. A súa composición é similar á existente na anterior lexislatura, propónse que quede constituída de xeito que a presidencia corresponderá ao Sr. alcalde, ou no seu lugar, ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente. Como vogais: o concelleiro delegado de Economía e Facenda, titular, e o concelleiro de Recursos Humanos e Sanidade, suplente; o concelleiro ou concelleira delegado da área municipal que propoña a contratación da obra, servizo ou subministración de que se trate; un representante do grupo municipal do PP; un representante do grupo municipal de ACdC-SON; un representante do grupo municipal do BNG; un representante do Grupo Mixto; a secretaria da Corporación como titular, ou a técnica de xestión de administración xeral dona Verónica M^a Otero López como suplente; o interventor da Corporación como titular, ou a técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, dona Isabel M^a Fuentes Torices; e o técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate. Actuará como secretaria titular a técnica de xestión de administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e como suplente a técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica M^a Otero López.

Engade que ás sesións da Mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, que actuarán con voz, pero sen voto. Esta medida adoptárase cando non existan, nin entre os vogais da Mesa de Contratación nin no cadro de persoal do concello,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

expertos idóneos para informar expedientes de especial complexidade técnica, e requirirá que a Mesa así o decida por maioría dos seus membros, a proposta do presidente ou dalgún dos vogais que a integran.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vai votar a prol. Tamén quere celebrar a constitución da Mesa coa integración dos grupos políticos dentro dela.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto neste punto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o punto de vista de Ciudadanos recoñecen a pouca participación técnica á que fai referencia o informe da secretaria, respecto do número de técnicos e do número de políticos, pero cren que é unha cuestión só circunstancial, é dicir, se houbera tres partidos políticos, xa non terían ese problema, xa non sería superior o número de políticos que de técnicos. Por iso, dado que é unha situación circunstancial, o seu voto tamén vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Proposta de desafectación parcial dos recursos da partida 3321/622.00 co fin de afectalos á partida 342/622.00

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 4 de setembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude, Ocio e Tempo Libre, na que solicita dotar crédito a unha obra considerada como prioritaria na piscina da Barcala, xa que é necesaria para o seu correcto funcionamento, iníciase expediente de modificación do orzamento por parte desta Concellería no que se recaban informes da Área de Cultura e Tradicións Populares e da Área de Intervención.

Visto que polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares se informa favorablemente a dispor do crédito destinado á reforma da casa da Arrigada.

Visto que polo interventor municipal se subliña a necesidade de elevar a acordo plenario a desafectación do préstamo vinculado á obra “Reforma de Arrigada para destinala a biblioteca municipal” afectándoo ao proxecto de “Reparacións puntuais na cuberta e tratamento estético interior da piscina da Barcala”.

Esta Concellería presenta ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Efectuar a desafectación de 45.000 euros do préstamo do Banco Sabadell nº 270978389 destinado a “Reforma de Arrigada para destinala a biblioteca municipal” afectando o dito crédito ao proxecto de “Reparacións puntuais na cuberta e tratamento estético interior da piscina da Barcala”.

Segundo: De adoptar o acordo, darase traslado del á entidade financeira Banco Sabadell coa que se concertou a operación de crédito para o seu xeral coñecemento.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 9 de setembro de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que para os efectos de financiar as obras de reparación da cuberta da piscina da Barcala, así como tamén o arranxo da deterioración estética no seu interior, propónse a desafectación, por un importe de 45.000 euros, de parte do crédito subscrito polo Concello de Cambre en outubro de 2014 co Banco Sabadell.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que van facer unha pequena historia da piscina da Barcala. A piscina da Barcala é unha obra que, como todos saben, foi construída con importantes deficiencias e que estivo varios anos pechada porque o concello non a recepcionou no seu momento. Posteriormente, decidiuse abrir esa piscina ao público e outorgarlle a explotación e mantemento a unha empresa. Os labores de mantemento deixaron moito que desexar, e iso pódese contrastar. O certo é que ante estas graves deficiencias, cando o PP estivo gobernando na anterior lexislatura, déronse conta do problema, fixeron un proxecto, levárono á Deputación, e conseguiron un importante financiamento por segunda vez, dado que a construción da piscina xa fora financiada pola Deputación provincial. Un importante financiamento de 240.000 euros.

Continúa explicando que cando se iniciou a obra déronse conta de que, efectivamente, había máis danos dos que realmente eran visibles, e eran danos na cuberta da piscina, que non eran visibles pero que metían auga no seu interior. Á vista diso decidiuse continuar coa obra, facer un anteprojecto de reparación para cambiar a cuberta e presentar ese anteprojecto de novo a financiamento por parte da Deputación provincial da Coruña, co fin de obter os fondos.

Para facer a reparación da cuberta da piscina, o Concello de Cambre, entre outras moitas obras, contratou e asinou un préstamo global co Banco Sabadell, no cal estaba incluído a reforma e reparación da piscina cuberta municipal da Barcala.

A obra foi adxudicada por 280.000 dun total de 319.669,42 euros, é dicir, houbo unha importante baixa na obra. Loxicamente con esa baixa podíase facer parte da reparación, pero faltaba diñeiro para cambiar a cuberta totalmente, dado que o anteprojecto ascendía a máis de 100.000 euros.

Di que é importante reparar a piscina da Barcala, é sumamente importante poñela a disposición dos veciños, que se poida utilizar, é importantísimo, e todos así o consideran. Tamén consideran que isto é un parche, un parche momentáneo, un parche para tapar unhas deficiencias, e que nun par de anos, ou quizais antes, haberá que volver a facer esa cuberta, a cuberta polo total, non unha obra de 45.000 euros ou menos.

O que traen a pleno é desafectar unha partida orzamentaria que consta como “adequación da Casa da Arrigada”, que estaba prevista nese préstamo do Banco Sabadell, por 90.000 euros. Desafectar parte dese crédito e pasalo ao arranxo da piscina da Barcala. Xa dixo que é importantísimo arranxar a piscina da Barcala, sumamente importante, pero cando o anterior Goberno fixo ese proxecto e pediu ese préstamo para adaptar a Casa da Arrigada e instalar nela a biblioteca, fíxoo cun só fin. Ese fin era o de situar aí a biblioteca municipal, por dous motivos fundamentais, porque a biblioteca municipal actual non ten acceso para persoas discapacitadas nin poderá telo nunca, e porque o local é do Sergas e pagan por el máis de 70.000 euros en mantemento ao ano.

O que se pretendía con ese proxecto era poñer a biblioteca na Casa da Arrigada, para que fora utilizada, e non estar inutilizada como ata agora; poñer a disposición dos veciños os xardíns, que iso parece unha selva en lugar dun xardín; e ceder ao Sergas o local no que se sitúa a actual biblioteca, para aforrarse os 70.000 euros e que o

Sergas instalase aí os servizos que lle faltan a Cambre, como son os de radiografía e demais actuacións sanitarias.

Expón que ese era o obxectivo. Agora o Sr. alcalde tráelles a pleno a desafección da partida que acaba de explicar e o seu grupo pregúntase se non hai ningunha partida no orzamento de onde se puideran sacar os 45.000 euros. Pregunta se faláron coa Deputación para ver canto podía financiar do anteproxecto presentado polo Goberno anterior. Porque el, á vista do cadro do préstamo asinado co Banco Sabadell, cre que hai polo menos outras dúas partidas das cales poderían sacar eses 45.000 euros e poñelos inmediatamente a disposición para arranxo da piscina da Barcala.

Coa actuación que propoñen, sácanse os 45.000 euros do proxecto de "Adecuación da Casa da Arrigada", e atópanse con que van seguir pagándolle ao Sergas eses 70.000 euros/ano, ou máis, que lle están pagando. A cifra exacta non a sabe, pero son máis de 70.000 euros. Con isto van atrasar tamén o poder reclamar ao Sergas que lles instale aí servizos básicos, como é o de radiografías.

Por exemplo, hai unha partida importante, a de "Implantación do aparcadoiro e mellora estética no núcleo de Cambre", por 110.000 euros. É un proxecto que tiñan orzamentado cunha intención, pero cuxo acordo non se logrou asinar e, polo tanto, está en *stand by*, ou sexa, parado.

Polo tanto, se cambian a partida e seguen co proxecto da Casa Arrigada, votarán a prol, senón votarán en contra, polo que acaba de explicar.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, expón que eles van xustificar o seu apoio a esta desafectación orzamentaria co fin de que a piscina da Barcala comece a funcionar, porque consideran que é un servizo básico, que deu servizos indispensables á comunidade que agora non se están cumprindo.

Por outra parte, votan a prol porque os 45.000 euros que estaban destinados á Casa da Arrigada como unha biblioteca, era unha partida contraria ao que legalmente estaba aprobado polo Pleno da Corporación anterior a esta, por unanimidade, en decembro do 2012, se non lembra mal. Existe unha iniciativa apoiada polo que actualmente é alcalde e por todos os concelleiros do grupo de goberno que estaban na anterior Corporación, pola que a Casa da Arrigada deberá destinarse a ser unha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero. Como ese proxecto non se vería afectado, ven ben que se empreguen os 45.000 euros nunha solución, que como ben dixo o compañeiro do PP, é unha solución para un par de anos, pero consideran que non se pode seguir dilatando máis no tempo o peche da piscina.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo considera que isto máis aló dunha cuestión meramente técnica, esconde un fondo político, e queren manifestar en primeiro lugar o seu máis profundo respecto e consideración coa intervención que tivo o PP, por traballada, fundamentada e ben argumentada. Resúltalles tamén un pouco necesario dicir que oxalá tiveran explicacións tan prolixas e complexas no pasado, cando ese grupo ostentaba a responsabilidade do Goberno municipal. Xa di que lles parece unha argumentación máis que cimentada e contrastada, e que eles respectan profundamente.

Pero se van á cuestión política, de toda a documentación que se lles presenta hai un escrito que para eles é fundamental, que é no que o concelleiro de Cultura explicita que non hai intención por parte do Goberno municipal de construír unha biblioteca na Casa da Arrigada, e faino lóxicamente na súa potestade, nas súas atribucións de concelleiro de Cultura, que para iso foi designado polo alcalde e mandatado por este Pleno, logo do sufraxio universal por parte dos veciños de Cambre.

Con isto quere dicir que neste momento hai en Cambre un Goberno municipal que non ten intención de construír unha biblioteca na Casa da Arrigada, tan sinxelo como iso. E que ademais é apoiado, polo que se ve, por diversos grupos da oposición, entre eles Asemblea Cidadá de Cambre, polo que acaban de escoitar, e tamén modestamente polo BNG.

Eles entenden que son moitas as razóns que poden sustentar, e aquí se explicaron varias delas, a construción e adecuación dese espazo para biblioteca municipal, entenden que tamén hai outra serie de problemas nesa idea que loxicamente non foron aquí expostos, pero que poderían selo. De maneira sucinta están a falta de aparcamento, a accesibilidade complicada ao propio recinto, e tamén a división que ten en varias plantas á hora de ser unha biblioteca con especial atención á xente nova.

Continúa dicindo que eles neste caso non fan tampouco bandeira, e o din total e absolutamente de maneira clara e meridiana respecto da intervención do compañeiro de ACdC-SON, no sentido de que o BNG votou no seu día a prol do tema da aula da natureza e todo ese tipo de cuestións, pero teñen perfectamente claro como se produciu a votación daquela moción. Agora pasou determinado tempo, e iso obrígaos, responsablemente cos veciños de Cambre, a que se o día de mañá xurde un debate sobre o uso da Casa da Arrigada, terán que dalo á altura do outono do 2015, non de cando se produciu aquela votación. E di á altura do outono do 2015 porque xa adianta que preguntarán para o vindeiro pleno cal é a intención, porque é o seu deber, preguntar, se a intención non é facer na Casa da Arrigada unha biblioteca, que intención ten entón o Goberno.

En todo caso, eles entenden que é unha decisión do Goberno municipal a de recorrer a eses fondos asignados a través do préstamo co Banco Sabadell e non a outros. Eles non van discutir esa decisión, e o certo é que a reflexión á que os leva isto é que efectivamente este ano non se ía realizar a obra da biblioteca, non se ía realizar tampouco a adecuación de aparcadoiros públicos no centro de Cambre, non se ía realizar absolutamente nada dos orzamentos mencionados.

Polo tanto, é unha decisión do Goberno municipal, que eles apoian, no sentido de que para eles é total e absolutamente perentorio e urxente que a piscina volva funcionar canto antes, e parécenlles tamén acertadas as consideracións que fixo o voceiro do grupo popular respecto de que o que se vai facer é un parche que pode durar 1, 2 ou 3 anos. Efectivamente, son plenamente conscientes de que o que se vai facer é un parche, e consideran que é tremendamente positivo que así conste en acta.

Conclúe dicindo que isto deberá ser obxecto de melloras futuras, pero é a súa responsabilidade neste momento poñer ese parche, non poden seguir agardando máis, e por todos eses motivos expostos o voto do BNG vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José Hidalgo García, voceira do GM (C's), manifesta que como primeira premisa lembra que Ciudadanos non comparte a idea de cambiar continuamente as partidas asignadas. Iso lévase facendo dende hai tempo, e só en caso de urxencia maior deberíase utilizar este sistema.

É evidente que, en calquera caso, este é un tema estritamente político. É posible que noutros tempos se dera por bo a inauguración de edificios, obras en xeral, pero, polo tanto, tería que estar outro alcalde no seu sitio para solucionar este caso. Di que en política non vale todo, e Ciudadanos vai facer outra política. Esta piscina inaugurouse xusto antes dunhas eleccións, foi unha obra da Deputación, e pregunta quen presidía a Deputación, porque cren que a responsabilidade política é do Partido Socialista, e dito sexa de paso, o Sr. Augusto Rey estaba aí, igual que o Sr. alcalde.

Por outra parte, o PP gobernou nos últimos catro anos, e pregunta que control se seguiu dun ben municipal no que, como onte mesmo lles explicaron, había máquinas que nin sequera chegaron a funcionar nunca, e aí se ve que non houbo un control de toda esa maquinaria. Hai moitas reclamacións feitas ao respecto e de novo, outra

vez, é o pobo o que ten que pagar os pratos rotos dos políticos, de novo alguén ten que facer cousas que van en contra dos seus principios para satisfacer ou solucionar os erros doutros. Un ten que xogar a cousas que non quere, pero que outros lle obrigan.

Para concluír di que o seu partido non está aquí para pasar as cousas por alto, senón para desenvolver un proxecto para Cambre, e lembra que a cultura tamén é peza angular da sociedade, e a partida asignada era nin máis nin menos que para a biblioteca municipal. Este non é un caso de extrema urxencia, como se un temporal se levara a teitume dun colexio, en cuxo caso non dubidarían nin un só segundo de apoiar o dito cambio de partida. Isto é, chamando ás súas cousas polo seu nome, negligencia política que, unha vez máis, os cidadáns sofren.

Aínda así e con todo, recoñecen que hai que abrir a piscina, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que a súa intervención vai ser para aclarar unha serie de temas. El tamén está de acordo, e todos os grupos practicamente o teñen manifestado así, en que isto trátase dun parche para resolver un problema puntual, e no seu momento, ou dentro duns anos, agarda que poucos, poidan ter o financiamento para acometer a obra definitiva da cubrición da piscina que evite os problemas que agora están sufrindo.

Evidentemente os prexuízos que se causan, tanto aos usuarios da piscina, como, non poden esquecerlo, tamén á empresa concesionaria da xestión do servizo da piscina e aos traballadores que neste momento se atopan nunha situación de expediente de regulación de emprego, fan que esta medida sexa urxente. O financiamento destes 45.000 euros pola desafectación do crédito co Banco de Santander foi unha proposta feita polos técnicos municipais que entenderon que esa era a fórmula máis rápida e correcta para buscar ese financiamento vista a urxencia da obra a executar.

Agradece o apoio dos grupos en canto a levar adiante esta desafectación e tamén quere aclarar algo con respecto das manifestacións feitas pola compañeira dona María José García Hidalgo, voceira do GM (C's). Dille que, aínda que a piscina se inaugurou estando el na Deputación, no período 1999-2003, o certo é que esta é unha obra do que se denominaba Plan 2000 de obras e instalacións que puxo en marcha a Deputación na lexislatura que foi de 1995 a 1999, cando era presidente da Deputación outro Augusto, que el nunca o foi, don Augusto César Lendoiro, persoa coñecida. O certo é que foi un plan no que a contratación e aprobación da obra foi realizada pola propia Deputación provincial, non polo Concello. Aínda que el pode ter unha responsabilidade en canto a que nese período 1999-2003 estaba xa na Deputación, o certo é que esta é unha obra que viña con anterioridade, aínda que a inauguración si fora cando el era deputado provincial.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad expón, por alusións, que ben é verdade que nun pleno se aprobou, e todos saben o que é a política, facer unha aula da natureza e interpretación do río Mero nesa casa centenaria, de principios do século XX, que está infrautilizada, pero hai que ter en conta que nestes momentos, soamente na provincia da Coruña, hai cincuenta e sete aulas da natureza e interpretación que están pechadas e sen uso, cincuenta e sete, pagadas cos seus impostos, a maioría pola Deputación provincial, ben é verdade, pero en distintos concellos da provincia. Di que por iso se rexeitou esa idea e se valorou o beneficio cidadán.

Se preguntan cal é o beneficio cidadán, el pensa que o primeiro é o aforro. Aforrar máis de 70.000 euros ao ano, que é o custo que ten hoxe a biblioteca, que non ten acceso para unha persoa en cadeira de rodas, e iso mentres teñen un edificio do século XX non xa infrautilizado, senón totalmente inutilizado, e os seus xardíns igual.

Cre que hai suficiente sitio de aparcadoiro, que era outra cousa que se dicía. Hai suficiente sitio para aparcarse na urbanización Arrigada, é máis, isto tense falado varias veces cos veciños da Arrigada, tiveron reunións na asociación para solucionar este asunto, e incluso lles pediron un pedazo de terreo para facer a entrada pola parte

de arriba. Ese proxecto estaba en marcha, e cre que é importante aforrar 70.000 euros ao ano e cederlle o edificio dunha santa vez ao Sergas, para que poña alí un servizo, o máis importante, o é radiografía, para que os cidadáns non teñan que ir ao Chuac a facer as radiografías.

Continúa dicindo que alguén citou, non lembra que grupo, o informe que fai o concelleiro de Cultura e Tradicións Populares don Ramón Boga, e vaia informe, sete liñas. A verdade é que non se parou moito, con perdón. Ese concelleiro informa que non ten intención de destinar o edificio de Arrigada a biblioteca municipal, iso como punto primeiro. Como punto segundo, respecto do estado da contratación da obra da reforma Arrigada, di que non se iniciou o proceso de contratación nin se ten intención de facelo, co que se pode dispoñer da partida. Como informe está ben.

Alguén tamén falou do problema de accesibilidade da Casa da Arrigada, e neste momento é certo, pero se fan a obra vai quedar con total accesibilidade ás dúas plantas superiores, e vanse reparar os xardíns, para que a xente poida, incluso, ler neles, sobre todo no verán.

Falaba a representante de Ciudadanos do control sobre a maquinaria. Ben é verdade, non houbo control, foi un total descontrol, e ten toda a razón, pero non é culpa do partido que gobernou este concello nos últimos catro anos. Cando chegaron ao goberno esa maquinaria xa non funcionaba e non funcionaba porque se atoparon cunha empresa, que foi á que se lle adxudicou o mantemento, que tiña un contrato asinado ata o ano 2017 e as máquinas xa non funcionaba ningunha. A el puxéronse os pelos de punta, con perdón, e por iso iniciou o expediente coa Deputación e conseguiron 240.000 euros, porque o cloro baixaba polo ascensor. Esa era a situación da piscina. Houbo que facer o proxecto, aprobalo en pleno, levalo á Deputación, conseguir os fondos, traelos, licitar a obra, contratala, comezala e rematala.

Do que están falando agora é de reparar a cuberta, non de botarlle un parche á cuberta. Pero cre que se pode sacar a partida de 110.000 euros e realizar a obra enteira e continuar solicitando os fondos da Deputación, porque xa está solicitado o anteprojecto por ese importe. Iso é o que pensa o seu grupo, e cre que gañarían todos. O PP, dende logo, se non se cambia a partida, que hai unha partida de 110.000 euros que se pode sacar, vai votar en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que si faloron coa Deputación, falou el directamente coa Deputación, e o que lle dixeron é que, polo cambio de goberno na Deputación, que se ía demorar todo o que era o tema de subvencións, polo tanto, o que decidiu este Goberno foi apurar o máximo posible para poñer a piscina en marcha.

En canto aos cambios de partida, o Sr. Rivas estivo gobernando e fixo coas partidas, sempre e cando o Pleno llo permitiu, o que quixo. Agora o que fai o Goberno municipal é coller unha partida dun proxecto aprobado en contra do voto do Pleno, cousa que, por outra parte, el como alcalde non vai facer nunca.

Collen esa partida porque o que pretendía o grupo Popular era facer un proxecto en contra da decisión plenaria, iso era o que estaban facendo co tema da biblioteca. Poden estar de acordo, e están de acordo, en que o sitio da biblioteca non é o sitio onde está, hai que sacala de aí, pero tampouco é Arrigada o sitio, cando menos non o sitio aprobado por este pleno. Se teñen que discutir para que vai servir Arrigada, se é que queda obsoleta a idea de facer unha aula de natureza, iso terán que discutilo todos os grupos políticos, para iso están aquí, pero dende logo, non farán nunca nada en contra das decisións plenarias.

Que se vai facer un parche, xa o dixo don Augusto Rey, efectivamente, e así llelo dixeron a todos, é un parche, pero, un parche avalado tecnicamente. Onte mesmo o arquitecto que fixo todo o proxecto e avaliación díxolle a todos os grupos municipais, que era un parche, pero que podía durar dous anos, e máis de dous anos se

realmente se facían as revisións axeitadas. Iso foi o que dixo onte o arquitecto municipal, cre lembrar. Non é un parche que se lle ocorrera ao Goberno municipal, o propio arquitecto municipal propuxo este tipo de actuación.

En canto á cuestión das cincuenta e sete aulas de interpretación pechadas, pode ser, non di que non, non llo vai discutir. Que hai que aforrar co gasto do Sergas, tamén, por suposto. Por outra parte, o Sr. Rivas cre que hai suficientes prazas de aparcamento, pero iso é un crenza súa, non está tecnicamente avalado por nada, el non viu ningún soporte técnico dicindo que hai suficientes prazas de aparcamento. Pídelle que llo amose, e entón vaino crer. Repite, el non o viu.

Tamén o Sr. Rivas dixo que pediu os terreos da Arrigada. Pregunta onde están eses terreos, se os conseguiu, se os ten. Dende logo, no inventario de bens do concello non constan eses terreos que o señor Manuel Rivas di que lle pediu á urbanización e que están.

O que dixo de que o informe de Cultura son sete liñas, dille que por suposto. Son suficientes para dicir o que quixeron dicir. O concelleiro de Cultura en sete liñas foi capaz de dicir o que o grupo popular moitas veces está aquí tres horas para explicar. Ao final o Goberno non vai facer unha biblioteca na Casa da Arrigada e poden dispoñer dese diñeiro para facer esta outra obra.

Iso é o que ocorre, nin máis nin menos. O resto, se o PP quere votar en contra das propostas que fai o Goberno, dilles que o fagan, que non busquen ningunha xustificación, ou outra xustificación máis alá. Calquera dos grupos políticos aquí representados, agás Ciudadanos, que non estaba na anterior lexislatura, lembráronlle ao PP que o que quería facer na Casa da Arrigada non se correspondía cos acordos plenarios. Estivéronllo lembrando sistematicamente, e o PP seguiu. Hoxe non están gobernando, grazas a Deus, e agora eles poden cambiar esa decisión.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que o Sr. alcalde di que falou coa Deputación e que por culpa do cambio de Goberno a petición vaise demorar no tempo. El entende que se demore no tempo, pero preguntalle se lle dixeron que non ían aceptar o anteproxecto mandado polo anterior Goberno. Esa é unha pregunta.

En todos os plenos, sobre todo cando alguén está gobernando en minoría, saben o que é a política. El simplemente di que é moi loable facer unha aula da natureza e interpretación do río Mero, moi loable, pero se iso tivera un uso e non custara cartos aos veciños de Cambre. Reitera que hai cincuenta e sete aulas da natureza, e pódellas citar, porque ten a súa relación, que están pechadas, sen uso, e totalmente equipadas, incluso algunhas con pantallas de plasma.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde falou sobre que non hai aparcamento nin hai informe técnico.

O Sr. alcalde dille que non lle dixo iso.

Don Manuel Rivas Caridad dille que hai un anteproxecto feito, hai un informe da Policía Local, simplemente habería que cambiar unha dirección na Arrigada, e os veciños, na reunión que tiveron con eles, estaban de acordo.

Respecto dos terreos dos que dixo que non os tiña, dille que a reunión foi no mes de xuño, e sabe o que votaron porque ten un cuñado que vive alí e foi á reunión, no mes de xuño. Onde estaba o depósito de gas, que agora non o utilizan, ese era o terreo para facer a entrada. Pero con independencia de que non tivera o terreo, o propio xardín ten a súa entrada peonil, máis pequena, e o PP o que quería facer era unha máis ampla.

Está de acordo en que iso ía en contra da decisión plenaria. Na decisión plenaria votouse construír na Casa Arrigada unha aula da natureza e interpretación do río Mero, pero iso en nada, ou case nada, con perdón, ía beneficiar aos veciños de Cambre, que seguen gastando máis de 73.000 euros no mantemento dun local que non ten accesos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para, sen ir máis alá, dicirlle que buscará ese informe policial.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que quere, de maneira moi breve, puntualizar unha serie de cuestións un pouco por honra á verdade. Hai que dicir neste pleno que a piscina se recepcionou cun criterio estritamente político, é dicir, non había informes técnicos que avaliaran a súa recepción, iso complementando un pouco o que dixo a representante de Ciudadanos.

Aclara que non o di nin como algo bo, nin como algo malo, porque quen está en responsabilidades de goberno ten que loxicamente tomar decisións, pero foi unha determinación política, tomada no seu momento cunha compoñente preclara electoral.

Tamén pide que non se trasladen ao pleno argumentos, en fin, total e absolutamente perversos, como iso de que hai cincuenta e sete aulas da natureza pechadas. Eles poden estar en contra da aula da natureza na Arrigada por "x" motivos, pero cun mínimo de fundamento, porque claro, que estean pechadas, pregunta se iso quere dicir, por exemplo, que en Sta. M^a de Vigo non ten razón de ser unha escola de educación infantil porque a que hai está pechada. Di que non, iso foi porque alguén a pechou, e porque alguén se preocupou dende as instancias públicas, precisamente, de depauperar o que son hoxe as instalacións ao servizo de todos. Polo tanto, eles consideran que ese non é en absoluto un criterio.

Queren pensar tamén, e dino publicamente, sen ter ningún tipo de coñecemento previo, que se os veciños, a comunidade de propietarios da urbanización da Arrigada, cederon gustosamente parte do seu terreo, neste caso onde estaban as instalacións do gas, para que na Arrigada se instalara unha biblioteca, pois se o día de mañá o concello propón facer alí outro tipo de actuación pública, pois queren pensar que co mesmo grao de beneplácito tamén aceptarán ceder ese terreo. Ou pregunta se é que só ceden o terreo para facer unha biblioteca. Realmente parécelles un argumento, nese sentido, bastante feble.

Conclúe dicindo que máis nada. Concordan plenamente en remarcar o que dixo o concelleiro Augusto Rey, que efectivamente este é un parche avalado tecnicamente, é dicir, que eles non están aquí facendo un brindado ao sol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal de ACdC-SON para a recuperación de xogos antigos e tradicionais

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8059 o día 11 de setembro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Existe un gran problema: O vento do aburrimiento levouse todos os xogos cos que os nenos/as do mundo se divertían e cos que pasaban tan bos intres respectando tradicións e cultura. Cambre non é unha excepción.

Ninguén entende que pasa pero os nenos non saben xogar. En distintos lugares de xogo, vemos cativos sentados e con cara de aburrimiento, os nenos/as míranse uns a outros e pregúntanse: Como se xogaba? Cal foi o último xogo ao que xogamos?

Temos unha importante tarefa: recuperar os xogos tradicionais ou populares para que se poidan volver oír as risas dos nenos e nenas e todos sexan de novo felices.

É sinxelamente recobrar a herdanza dos nosos devanceiros.

Chama a atención que nas recentes festas patronais de Cambre, subvencionadas con diñeiro público, ninguén tivera a idea de ofrecer este tipo de actividades de lecer aos nosos mozos e mozas.

Estes xogos estimulan a imaxinación, a creatividade, a sociabilidade, facilitan a comunicación, e recrean a linguaxe. Son xogos regulados e que ofrecen un aspecto moi positivo para a autorregulación, o respecto e a convivencia. O corpo é o instrumento para xogar: os nenos corren, bailan, saltan, estimulando e desenvolvendo as súas destrezas motoras e sobre todo desenvolvendo o espírito de compañerismo de grupo.

O xogo violento de mesa (play, etc.) pode desembocar nun individuo violento cun desprezo total á vida e ao respecto aos demais.

O certo é que os xogos e xoguetes tradicionais son unha valiosa achega cultural para o desenvolvemento lúdico na infancia. A diferenza dos xoguetes de hoxe en día, están alí dispoñibles para todos, sen distinción de categorías sociais. Son un patrimonio universal que non debemos deixar desaparecer.

Por outra banda ao dirixirmos aos colectivos de maiores estámolles dando a posibilidade para que desenvolvan toda a súa experiencia e coñecementos, traspasando a esta xeración as súas vivencias e xogos, garantíndonos con iso, que non se perdan para sempre.

Este diálogo xeracional entendemos que é vital xa que por unha banda estámolles dando aos nosos maiores un espazo que cremos importantísimo para a súa autoestima e, doutra banda, estamos potenciando nos nenos o respecto e agarimo para cos maiores.

Polo exposto, o grupo municipal de ACdC, propón ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Dende o concello potenciarase a través dos colexios e colectivos de maiores para que estes contén e axuden a recuperar os xogos tradicionais do noso pobo, a comba, a piola, o pique, o salvavidas, a billarda, as canicas, as cometas, a trompa, etc.

Segundo: Dende o concello facilitarase que monitores voluntarios poidan acudir aos centros educativos a explicar as distintas modalidades de xogos.

Terceiro: O concello editará en soporte conveniente as experiencias vividas con esta actividade, para a súa difusión e reparto entre a comunidade educativa.

Cuarto: Dende o concello organizaranse unhas xornadas abertas en lugares públicos (parques, prazas, etc.) onde se escenifiquen todos os xogos recuperados.”

Don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, manifesta que quere engadir un pequeno epígrafe, referido a que basta xa de considerar que os xogos son unha simple forma lúdica na que os rapaces se espraian persoalmente. Os xogos están considerados como o principal vehículo de integración educacional dentro dos espazos dos colexios e dentro dos espazos sociais máis extremos. Sempre a primeira parte da educación baséase nun xogo, e eliminar os xogos tradicionais significa perder un patrimonio etnográfico propio que serviría para dotar a fillos e maiores de recursos, a maiores dos que teñen hoxe en día.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que el, particularmente, quere felicitar ao grupo ACdC-SON por esta moción, primeiro pola súa idade, segundo porque ten unha neta moi pequena e agarda que aprenda a xogar a eses xogos que, hoxe por hoxe, están totalmente en desuso. Polo tanto, di que o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo non pode menos que estar de acordo con esta proposta. O que si botan de menos é un proceso de avaliación e aceptación do programa unha vez posto en práctica este tema. Pero en todos os sistemas, non neste soamente. En todo caso, tamén os felicita e están totalmente de acordo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar esta moción, e a ver como a acollen os nenos, que serán os principais afectados ou beneficiados.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende Ciudadanos tamén queren felicitar a Asemblea e van votar a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el tivo a oportunidade de estar na festa de Garrulaxe en Cecebre, onde fixeron xogos tradicionais, e tiveron unha boa aceptación, todos os rapaces estaban xogando. Di que o Goberno municipal está colaborando e vai colaborar no magosto xuvenil no Temple, coa Asociación xuvenil Urbilar, onde tamén se van implantar este tipo de xogos. Isto porque é unha boa iniciativa, e por iso tamén quería felicitar a Asemblea.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que xa hai anos que esa asociación está traballando nese sentido. Que el lembre hai dez anos que levan traballando e facendo xogos dese estilo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción, tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde toma a palabra para pedir desculpas, porque di que primeiro tocaba tratar o punto relativo á declaración institucional, antes da moción. Van tratalo agora.

2.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración conxunta presentada por todos os grupos que integran a Corporación. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

Declaración institucional en apoio ás vítimas da talidomida en España

Consta do seguinte teor literal:

“Breve historia da talidomida en España:

A talidomida paténtase en España en marzo de 1954. Tratábase dun maravilloso sedante sen efectos secundarios, e ademais paliaba as náuseas e os vómitos nas embarazadas. Comezaron a nacer un número desproporcionado de nenos con graves malformacións en brazos e/ou pernas, incluso carecendo de ambas, e en novembro de 1961 os doutores Widukin Lenz (alemán) e Claus Knapp (español) descubren a relación entre a talidomida e as malformacións. Entre novembro de 1961 e maio de 1962 é retirada do mundo enteiro, agás en España, onde se continúa vendendo aínda a sabendas das súas consecuencias, cando menos ata 1975. A farmacéutica alemá Grünenthal fixo en España o seu negocio.

A catástrofe da talidomida serviu para cambiar toda a lexislación en materia de control sanitario de medicamentos, alimentos, bebidas e artigos de consumo humano, polo que podemos dicir que grazas á talidomida a humanidade pode estar tranquila coas cousas que se leva á boca, sobre todo os medicamentos. Escaso foi o agradecemento para coas súas vítimas, en España, absolutamente nulo.

Breve resumo da loita de AVITE nestes once anos:

Once foron os anos de loita en busca dunha equiparación coas vítimas da talidomida do resto de Europa, e neste longo camiño soamente acadamos un Real decreto (1006/2010) que recoñecía soamente a 24 persoas, e concedíalles o que o propio texto denomina “axuda solidaria”, ou dito doutro xeito máis coloquial, unha esmola para que nos calaramos.

Tamén conseguimos que a talidomida sexa incluída no Real decreto 1851/2009 entre as causas que xustifican unha xubilación anticipada con 56 anos ás persoas que superen o 45% de discapacidade. Paradoxicamente, non hai organismo oficial (e gratuíto) que recoñeza quen é afectado de talidomida e quen non, polo que orquestramos un Real decreto ao que as vítimas de talidomida non teñen posibilidade de acollerse por carecer de recoñecemento “oficial”.

E como colofón demandamos polo civil ao laboratorio alemán Grünenthal ganando o xuízo completamente en primeira instancia, sendo anulado soamente por prescrición pola Audiencia Provincial de Madrid, e na actualidade estamos á espera da resolución do Tribunal Supremo que deliberará a sentenza o vindeiro días 23 de setembro deste ano (sen axudas de ninguén nin subvencións de ningunha empresa nin pública nin privada, soamente subsistindo coas cotas mensuais dos seus socios).

Breve situación actual e comparativa con respecto das vítimas doutros países:

A comparativa é moi sinxela, resúmese en dous simples puntos:

a) todas as vítimas dos países europeos percibiron:

- 1.- unha indemnización
- 2.- pensións vitalicias para as súas vítimas que lles garanten unha supervivencia digna e, sobre todo, independencia
- 3.- unidades médicas especializadas
- 4.- unidades psicolóxicas especializadas
- 5.- gratuidade en medicamentos, prótese e orto prótese

b) en España..... NADA DE NADA

Situación actual das vítimas españolas no noso país:

As vítimas vivas de talidomida que quedan en España, a grande maioría, sobrevive das axudas familiares, da caridade, da igrexa, das institucións de axuda social, e incluso exercendo a mendicidade nas rúas das grandes cidades. Fraco favor para aqueles a quen a humanidade debe tanto.

Por todo o anterior, os grupos municipais asinantes presentan ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Declarar o apoio unánime e solidario do Concello de Cambre para coas vítimas da talidomida en España e, en particular, á asociación AVITE, pola súa loita incansable e sen cuartel, en pro e favor das vítimas deste fármaco en España, pola débeda histórica que o noso país ten cos afectados e cos seus familiares, dende hai sesenta anos.

Segundo: Instar e solicitar á farmacéutica alemá Grünenthal, imperio farmacéutico mundial e establecida en España, responsable da masacre, que sen máis dilación, indemnice aos afectados españois.

Terceiro: Que independentemente á indemnización á que poidan ter dereito cada un dos afectados, polo dano que lle produciu a farmacéutica nos seus corpos antes de nacer, ademais dos danos novos, continuos e permanentes que seguen aparecendo nos seus corpos cada día, despois de sesenta anos, instar tamén e comunicar dende este concello ao presidente do Goberno de España, para que como medida social, o Goberno da nación (a través do organismo que corresponda) filtre quen pode ser afectado ou non, de talidomida en España, e conceda pensións vitalicias aos afectados, ata o seu falecemento, como están a percibir os afectados do resto de países do mundo, menos en España.

Cuarto: Notificar os citados acordos á asociación AVITE, ao laboratorio alemá Grünenthal establecido en España, como multinacional e tamén ao goberno de España, representada polo presidente do Goberno."

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que aínda que non saben se este texto foi presentado no Concello de Arteixo, e non saben tampouco se nalgún momento da historia democrática deste concello teñen aprobado, a Corporación, algún tipo de moción en defensa dos afectados da talidomida, o seu voto vai ser loxicamente favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, o concelleiro presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da tesoureira municipal, de data 10 de agosto de 2015, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2015.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).

- Do escrito remitido por Augas de Galicia, rexistrado de entrada ao núm. 0/7456 o día 28 de agosto de 2015, en contestación á moción aprobada polo Pleno da Corporación o día 29 de xullo de 2015 en relación coa rexeneración da ría do Burgo. No escrito faise unha relación das actuacións que leva a cabo Augas de Galicia e achégase un anexo I con incidencias detectadas respecto da ría do Burgo e, en concreto, respecto do Concello de Cambre, e un anexo II denominado “Informe do plan de control de vertidos”, respecto de todos os concellos que dan á ría.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1518/2015, do 1 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jesús Bao Bouzas os días 1 e 2 de setembro de 2015, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1533/2015, do 7 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Declarar loito oficial dende as 00 horas do día 6 ata as 24 horas do día 8 de setembro actual, durante as cales as bandeiras oficiais de tódolos centros e edificios públicos dependentes do Concello ondearán a media hasta.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.”

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8102 o día 11 de setembro de 2015.

1º Como mostra da proliferación de normas que tenden a lograr unha maior transparencia nas institucións públicas, o Parlamento español, a iniciativa do Goberno do Partido Popular, aprobou no mes de decembro de 2013 a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, popularmente coñecida como “Lei de transparencia”.

A súa disposición final novena regula a súa entrada en vigor de forma gradual, destacando polo que a esta instancia municipal interesa que “Os órganos das comunidades autónomas e as entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas nesta lei”.

Conforme co anterior para as entidades locais e, entre elas para o Concello de Cambre, a mencionada norma lexislativa entra en vigor o vindeiro 11 de decembro de 2015, coas obrigas e actuacións que nela se prevén para cidadáns e institucións.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite que na sesión plenaria a celebrar o 16 de setembro o equipo de goberno de Cambre informe respecto das previsións da dita entrada en vigor e as medidas que se van adoptar para a súa plena eficacia no noso concello.

O Sr. alcalde responde que, se lle permiten, isto vai contestalo por escrito a todos os grupos políticos, xa que se está facendo un estudo de Secretaría do que hai ata o momento e o que se vai facer máis adiante. Ese estudo estase facendo neste momento e, polo tanto, se lle permiten, remitirano por escrito a todos os grupos políticos.

2º Tratar de paliar ou mitigar as necesidades máis urxentes dos nosos conveciños máis desfavorecidos foi un dos principais obxectivos da Concellería de Benestar Social na última lexislatura, sobre todo nunha situación de crise económica como a vivida nos últimos anos.

Xunto a iso, é preciso recoñecer o valor encomiable dos voluntarios de Cambre, cuxo incansable e desinteresado traballo facilitou o cumprimento das obrigas municipais nesta materia. Por iso, tanto dende a mencionada concellería como dende o resto do Goberno municipal, comandado entón polo alcalde Manuel Rivas, tratouse, xa no ano 2012, de atopar unha solución á falta dun espazo digno onde os voluntarios de Cambre puideran distribuír a axuda aos nosos conveciños.

Tras varios cambios de local, que incluso levaron aos voluntarios a un local provisional no campo de fútbol Dani Mallo en Cambre, habilitouse como despensa municipal un local de propiedade municipal existente na urbanización A Barcala, que ata ese momento estaba en desuso; local que foi inaugurado o pasado mes de marzo.

Como adoita ser habitual nestes casos, a mencionada inauguración foi acompañada do descubrimento, polo entón alcalde do noso municipio, dunha placa conmemorativa na que exclusivamente se recolleron os datos do local inaugurado (despensa municipal), a data da súa inauguración (marzo de 2015) e a autoridade (o entón alcalde de Cambre, Manuel Rivas Caridad).

No pasado mes de agosto, isto é, tendo transcorrido apenas dous meses dende a toma de posesión do novo goberno municipal, os veciños de Cambre vivimos con perplexidade un acontecemento non visto ata a data non só no noso municipio, senón no resto do noso país. Dende a actual Concellería de Benestar Social procedeuse, entre as súas primeiras medidas e como se non tivera necesidades máis urxentes ás que facer fronte, a substituír a placa colocada no local habilitado como despensa municipal o día da súa inauguración, por outra similar na que se suprimiron os datos da data e a autoridade, que foron substituídos pola referencia a que o local é xestionado polos voluntarios de Cambre.

Entendendo que medidas como a denunciada non pretenden máis que intentar borrar aos que recoñeceron no exercicio das súas funcións de goberno o labor social dos voluntarios de Cambre, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do equipo de goberno que informe en sesión plenaria sobre os motivos da substitución da mencionada placa, na que se inclúa a necesaria referencia a se este vai ser o costume a seguir ante toda placa inaugural existente nos edificios públicos do noso concello.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, manifesta que o PP xa se contesta na exposición que fai no rogo. No fondo di que é preciso recoñecer o valor encomiable dos voluntarios de Cambre, cuxo incansable e desinteresado traballo facilitou o cumprimento das obrigas municipais. Nese sentido, eles



entenden que este xesto o que fai é potenciar, dimensionar e visibilizar algo non menos importante, o valor do voluntariado en Cambre, en definitiva, poñer en valor o seu traballo, o día a día.

Conclúe dicindo que inaugurar é flor dun día e a xestión, neste caso da despensa municipal, faise todos os días.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que eles queren lembrar ao Sr. alcalde e ao concelleiro de Servizos Sociais que o Goberno do PP, cando gobernou estes últimos catro anos, foi o primeiro Goberno que tivo en conta para este municipio a necesidade de crear unha despensa municipal en condicións dignas.

Como ben se di no rogo, fíxose de forma provisional no campo de fútbol Dani Mallo e, posteriormente, a concelleira M^a Jesús González Roel e o alcalde Manuel Rivas, fixeron a obra da Barcala e levárona alí. Con esta actuación, por primeira vez en Cambre tanto os veciños con necesidades especiais, en condicións precarias, como os voluntarios de Cambre, tiveron verdadeiramente o seu protagonismo.

Consideran que a preocupación por ter unha despensa de alimentos digna e entidades colaboradoras que a poidan abastecer, iso si que é dar protagonismo aos voluntarios, non unha placa. O protagonismo non se demostra con ningunha placa, demóstrase con feitos.

Por outro lado, o PP simplemente quere manifestar que lles parece que atenta contra o respecto aos anteriores gobernantes unha actitude semellante. Trátase dun uso institucionalizado, que é un costume en todos os municipios, en todos os pobos e en todas as comunidades autónomas de España, así como noutros países, e non cren que esas actitudes contribúan en nada ás boas relacións que deben de rexer entre sucesivos gobernantes dos concellos. Reitera que cren que é prexudicial para as boas relacións. Por outro lado, di que tampouco lles contestou a se é a práctica que pensan seguir durante estes catro anos de mandato.

Don Jesús Bao Bouzas contesta que, empezando polo final, e como non pode ser doutro modo, por suposto que non, pero o autobombo tampouco, non van facer autobombo da súa xestión. Xa dixo anteriormente na súa intervención que o que pretenden dalgunha maneira é visibilizar o labor altruísta e tan importante e encomiable que está facendo o voluntariado, neste caso na despensa municipal. Non entran a valorar, porque tampouco é a natureza do rogo, se ten sido oportuno ou non instaurar por parte de quen o fixo ese servizo.

Permítese lembrar que a inauguración fíxose cre que foi o 25 de marzo. Todos os grupos presentes na Corporación criticaron esa inauguración, por canto o que tería que ser un acto institucional, finalmente converteuse nun acto político, un acto de proxección do candidato á Alcaldía de Cambre polo PP, e algo moito máis grave, ou o que é peor, a proxección dun candidato do seu partido noutro municipio.

No rogo falan de perplexidade, pero perplexidade non, total naturalidade. Eles non teñen recibido, xa non di unha crítica, nin tan sequera un comentario, ningún comentario nese sentido.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, simplemente por alusións, pregúntalle como se atreve a dicir que foi para promover a un candidato do PP. Dille que se alguén había alí invitado era un deputado da Deputación Provincial da Coruña, que foi a que puxo diñeiro enriba da mesa para que esa obra se fixera. El non entende que clase de promoción entende o Sr. Bao.

Engade que el xamais se ten atrevido a un alcalde que gobernou este municipio durante 30 anos, facerlle un feo e sacarlle unha placa. Pero quere dicir máis, el fala cos voluntarios, e ningún deles tiña coñecemento da substitución da placa. E a el non lle importa que lle saquen as placas, como se as quere sacar todas, non lle importa en absoluto, pero cre que non é nin ético nin moral pola súa parte facer o que fixo e co consentimento do Sr. alcalde aquí presente.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, coa maior espontaneidade do mundo, el cre que se algún concelleiro que estivo na pasada lexislatura neste pleno, estivera agora mesmo, escoitaríanse os berros en Meixigo ou en Cela, por ver a unha Corporación debater sobre un asunto que de verdade o di, el non sabe se cualificalo de infantil, pero si imaxina que calquera persoa allea ao mundo da política que veña aquí, verá de certa maneira que isto é unha especie de perrencha ou de xogo de egos, ou o que sexa.

Di que el está a prol de que se retirara esa placa, tan a favor está que está a favor de que se retiren todas as placas, porque considera que é algo total e absolutamente prescindible, que non achega nada. Todas, en maior ou menor medida, contribúen ao autobombo, polo tanto, como BNG, e benvidos sexan os grupos municipais que se queiran sumar, van mirar a fórmula, falar e intentar dalgunha maneira, a través da Comisión de Honores e Distincións, ou o que sexa, pero que sexa norma en Cambre, e ver se son un concello exemplar tamén en cousas boas, que en moitas, por suposto, si o son, pero tamén nisto.

El cre que todo isto é algo do pasado, que a día de hoxe a xente ve as placas e, por exemplo, quen entre na piscina da Barcala e vexa a placa de inauguración dirá ¡Deus meu!, porque é que en Cambre hai unha placa ata na ponte do Temple, da rehabilitación e tal, pouco menos parece que Tonecho e Julio Sacristán fixeron a ponte do Temple e non quen sexa de hai moitos séculos.

O BNG considera que isto é algo total e absolutamente fóra de lugar. Falaban antes da Lei de transparencia, de novas fórmulas e novas maneiras que se intentan implementar na democracia, e eles consideran que isto das placas está total e absolutamente fóra de lugar. Xa hai paneis informativos durante e despois das obras, teñen falado diso tamén abundantemente, e nese sentido dende o BNG consideran ademais que non se avalía unha obra de Goberno polo número de placas, nin moito menos, por iso son partidarios de suprimilas, se non todas loxicamente, si que a partir de agora non haxa máis.

E que non se negue o obvio, que non se neguen certas doses de autobombo, porque hai situacións nas que se crea incluso a infraestrutura física para poñer a placa, como así o denunciou o BNG no seu momento na reforma do Campo da Feira, onde puxeron alí un medio monólito para poñer unha placa de que se fixo iso, e iso é total e absolutamente para facer autobombo e propaganda política. Polo tanto, eles están en contra diso, e andando este outono propoñerán que Cambre sexa un concello libre de autobombo e libre dese tipo de placas a maior gloria do alcalde de toque.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que aínda que dende Ciudadanos non compartan a publicidade do nome dos mandatarios en placas, pese a iso cren que é xusto o rogo do PP. Se retiran unha placa, hai que retiralas todas, tanto as de alcaldes anteriores, como a do Sr. Rivas. Onte mesmo, como ben dicía o BNG, viron unha placa de inauguración na piscina da Barcala do ex-alcalde o Sr. Antonio Varela. Repite o que dixo, se retiran unha, deberían retirarse todas, e senón, deberían restaurar a que estaba.

Conclúe dicindo que compartan a idea de que se deben retirar todas as placas, pero cren que o rogo do PP, neste caso, ten toda a súa razón de ser.

3º O medio ambiente e a paisaxe son bens obxecto de especial respecto e protección, cuxa importancia aparece recoñecida no artigo 45 da nosa carta magna. É precisamente a Constitución Española de 1978 a que no mencionado precepto dispón que todos teñen dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Para conseguilo, o mesmo artigo constitucional dispón que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente. Para os que violen o anteriormente disposto, o mencionado precepto constitucional dispón que se establecerán sancións penais ou, no seu caso, administrativas, así como a reparación do dano causado.

No ámbito local é o artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o que atribúe aos concellos competencias en materia de medio ambiente urbano, parques e xardíns.

Fronte a esta obriga municipal de especial respecto e protección do noso patrimonio ambiental, os veciños de Cambre sufrimos de novo o pasado día 6 de agosto a tala dunha árbore existente no Paseo Marítimo do Temple, á altura da urbanización “El Pinar de la Reina”. O feito non deixaría de ser preocupante se a el non se engadira a agravante de actuacións semellantes no mesmo contorno dende hai máis de dez anos, que incluso motivaron o derrubamento dunha parte do paseo marítimo sobre a ría.

Ante o que a simple vista parecía un exemplar en perfecto estado e a alarma de veciños do lugar temerosos da reincidencia na corta de non só unha árbore sa, senón tamén do resto das que a rodeaban, membros deste Grupo Municipal Popular solicitaron informe técnico sobre o particular e copia das denuncias presentadas.

Resultado da dita consulta foi a remisión dun sucinto documento de constancia datado o 15 de xuño de 2015 no que se refire ter recibido aviso dun particular sobre o risco de caída dunha árbore no Paseo Marítimo do Temple, e a visita do coordinador e un membro de protección civil que visionaron o seu estado e “leve inclinación”. Así mesmo achégase documento do 16 de xuño, da que se di empresa encargada do mantemento da zona (en ningún lugar do dito documento aparece referencia ou selo da mencionada empresa, senón a firma dun particular de quen tampouco se refire nin a súa responsabilidade ou posto na dita empresa, nin a súa titulación ou coñecementos sobre o particular, nin a súa personación no lugar para os efectos de emitir a súa opinión), no que se refire que dende o Departamento de Obras e Servizos do concello, interesouse informe valorando o estado da árbore e a súa posible sanidade ou tala. Sorprende que no dito documento se manifesta que a dita árbore atópase nun proceso de secado progresivo, en aparencia como consecuencia “dalgún tipo de enfermidade”, recomendado “na súa opinión” a súa tala; tala que finalmente foi realizada case dous meses despois sen ningún informe técnico ao respecto.

Ante o que parece a tala dun exemplar arbóreo perfectamente san e sen risco ningún para a poboación (como se demostra das fotografías existentes e da cepa que quedou no seu lugar), incumprindo de ser así as obrigas e deberes propios do goberno municipal, o Grupo Municipal Popular solicita do equipo de goberno a inmediata substitución do exemplar cortado por outro da mesma especie, informando exhaustivamente en sesión plenaria dos motivos e xestións que provocaron a dita actuación, informes técnicos existentes a maiores dos referidos (se os houbera), identificación do responsable da orde de tala, destino que se ten dado á madeira procedente da dita tala, así como das medidas previstas dende a concellería competente para evitar que actuacións como a provocada, se volvan producir.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, manifesta que evidentemente a ningún goberno, e ao seu dende logo non, lle gusta andar talando árbores porque si, non sería razoable.

O que é certo é que a tala da citada árbore realizouse seguindo as instrucións do informe técnico solicitado pola empresa responsable do mantemento de xardíns na citada zona, isto é, a empresa Emprego Social. O informe sinalaba a pertinencia da tala ante o perigo que podía representar a súa caída como consecuencia de temporais.

De todas formas, di que existe a vontade do Goberno de repoñer a árbore e replantar unha no seu lugar.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que lles gustaría saber que persoa responsable asina o informe da empresa Emprego Social, porque teñen un nome pero non saben se era dun técnico ou se non o era.

Don Augusto Rey Moreno sinala que o informe que por parte de Emprego Social se solicitou á empresa Artec (Técnica Arbórea Galega), que foi a que levou a cabo a tala, está asinado por Francisco Javier Rodríguez



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Trinidad, licenciado en Bioloxía e especialista en arboricultura, no que aconsella, e fala incluso dunha situación de perigo potencial, dicindo que a valoración global de risco para ese exemplar era relativamente elevada, presentando un índice global de 10 sobre 12, segundo metodoloxía antes referenciada, e acompaña fotografías do estado íntegro da árbore, que si se aprecia que estaba en mal estado, ou polo menos segundo o informe.

Conclúe dicindo que, evidentemente, teñen o informe á súa disposición. É un informe que lle chegou hoxe mesmo e se queren facilítalles unha copia.

Dona Rocío Vila Díaz pregunta polo destino da madeira.

Don Augusto Rey Moreno contesta que non llo pode dicir, non está no informe e descoñéceo.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8159 o día 11 de setembro de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º De acordo co artigo núm. 5 do Regulamento xeral de circulación (BOE-A-2003-23514) consideraranse obstáculos na calzada os resaltes nos pasos para peóns e bandas transversais que non cumpran coa regulación básica establecida para o efecto polo Ministerio de Fomento (FOM/3053/2008, do 23 de setembro). Polo tanto os concellos tamén están afectados pola devandita normativa que establece que o modelo dos redutores de velocidade será “unha plataforma trapezoidal de 10 centímetros de altura como máximo, construída en formigón ou material asfáltico, cun máximo de 4 metros de longo e unhas ramplas de suba e baixada de entre 1 e 2,5 metros, dependendo do límite de velocidade existente: 1 metro para límites de 30 km/h; 1,5 metros para 40 km/h, e 2,5 metros para velocidades de 50 km/h”.

Deste xeito o Concello de Cambre podería ser sancionado se non adapta os redutores de velocidade e bandas transversais de alertas, máis coñecidas como “gardas tombados” que ten repartidos por moitas zonas do municipio.

Cabe recordar que o espírito obxecto da orde de Fomento é evitar o perigo para ciclistas, motivación que compartimos absolutamente dende Asemblea Cidadá e que damos por feito que tamén debe compartir o Goberno de Cambre.

Con base no anteriormente exposto pregamos:

Se tomen as medidas necesarias para adaptar todos aqueles resaltes e canos que non cumpran coa devandita normativa para dar cumprimento á legalidade e protexer a seguridade dos ciclistas.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que as bandas redutoras de velocidade téñense colocado co fin de garantir a seguridade, basicamente dos peóns nas zonas nas que os vehículos, incluídas tamén moitas veces bicicletas, circulan a unha velocidade excesiva, ou polo menos inadecuada.

Nese sentido, a medida que se vaia actuando sobre os viais onde están situadas, será o momento de ir repoñéndolas por outras adecuadas á normativa. De todos os xeitos, se aprecian que existe algunha especialmente perigosa para os ciclistas, rógalles que llo comuniquen para un inmediato cambio.

Don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, manifesta que así o farán, porque di que si hai varios casos graves, cuns perfís moi altos e que están ocasionando incluso caídas.

2º Unha vez iniciado o curso escolar, e segundo as informacións publicadas en prensa, pregamos:

Se nos informe de todas as xestións realizadas polo Goberno en relación coa revisión das contías que o concello terá que asumir pola xestión das escolas infantís do Temple e A Barcala, tendo en conta que dende o propio Consorcio Galego de Benestar se veñen reclamando cantidades que se deben por este último centro. No mesmo sentido pregamos se nos informe das contías actualmente esixidas pola Consellería e os estudos realizados pola Intervención en relación coas ditas cantidades.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, contesta que parten de dúas realidades diferentes. Por unha parte está a escola infantil da Galiña Azul, onde si teñen un convenio, e logo está a escola infantil do Temple, onde de momento, e non está en funcionamento, o concello non está vinculado, non hai ningún convenio.

Expón que con data 6 de agosto recibíuse un escrito procedente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social, onde se lles fai chegar unha proposta de liquidación provisional referida aos anos comprendidos entre o 2008 e o 2013. A dita proposta foi valorada polos técnicos municipais, e dende a Intervención municipal enténdese, e dilles que o le textualmente, que do estudo do referido convenio dedúcese unha falta absoluta de precisión nas súas cláusulas, converténdoo nun documento de difícil interpretación e de mínima calidade técnica e xurídica, o que dá lugar a unha inseguridade absoluta á hora do seu cumprimento.

Explica que o día a día no seu vínculo, na súa colaboración coa escola infantil da Galiña Azul da Barcala, limitábase, como ten relacionado, a tarefas de mantemento, de abastecemento, de subministración, neste caso de enerxía eléctrica, gas, á limpeza, mantemento de instalacións e acometidas de enerxías e subministracións, mantementos de exteriores, liña telefónica, ADSL e auga.

Engade que discrepan respecto das cantidades que o Consorcio propón na súa proposta de liquidación, e dende a Intervención municipal, no prazo que se establecía, que eran 15 días dende a recepción, teñen presentado unha proposta de liquidación diferente, na que entenden que se computan os gastos que atendendo ao convenio debe asumir o Concello de Cambre. Insiste en que son cifras provisionais e considera que a súa difusión non os vai levar a ningún sitio.

Continúa dicindo que iso en canto á escola infantil da Galiña Azul da Barcala. Respecto da escola infantil do Temple, que entenden que abrirá as súas portas nos vindeiros días, di que con data 31 de xullo, en Santiago, na sede do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social, tivo lugar unha reunión de contido técnico á que asistiu o Sr. alcalde, o Sr. interventor e el mesmo, a petición de don Roberto Rodríguez, xerente do Consorcio.

Eles chegaron a esa reunión cun informe exhaustivo, un informe en profundidade que lles fixo chegar a Sra. secretaria, onde dalgunha maneira poñía en cuestión a cifra que se establece no convenio tipo que propón o Consorcio alí onde instaura unha escola infantil, unha cifra por alumno. Dende a Secretaría municipal enténdese que esa é unha cifra aleatoria, na medida en que non teñen un informe económico, que foi o que reclamaron nesa reunión, un informe económico que sustente esa cifra. Non coñecen eses datos e, polo tanto, non poden concluír se asumir vía convenio o cofinanciamento, a participación nas dúas escolas infantís, pode afectar á sustentabilidade económica e financeira do concello.

Nesa reunión do día 31 pediron ao Consorcio que lles fixera chegar o informe económico que sustentaba a proposta. Contestáronlles que había tal informe, pero a día de hoxe a el non lle consta que o teñan recibido, e están falando xa de que ten transcorrido mes e medio.

Dí que a escola infantil do Temple vai abrir por decisión unilateral do Consorcio Galego, da Xunta. É a Xunta a que fixa os tempos, a que fixa os ritmos, unilateralmente. A Xunta, o Consorcio, xa dixo que vai abrir con convenio ou sen el.

Conclúe dicindo que isto é un pouco, de forma sucinta, o que lle pode informar.

Don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, manifesta que agradecería que lles pasaran todo o informe, que lles enviaran o informe económico, porque si queren coñecelo. De todas formas pregunta se o que dixo é que o convenio pola escola do Temple está en estudo.

Don Jesús Bao Bouzas contesta que dende o Consorcio teñen instado ao concello á sinatura dun convenio respecto da escola infantil do Temple, e dende o concello teñen manifestado total disposición. O Sr. alcalde dixo que disposición a colaborar toda a do mundo, diálogo o que faga falta, pero que o convenio tipo, nos termos nos cales se lles propuxo, a razón de "X" miles de euros por alumno, iso non o van asumir, non o van aceptar, non van a subscribilo en tanto en canto non saiban de onde sae esa cifra. Cren que é determinante á hora de valorar se realmente o Concello de Cambre vai poder soste esa vinculación vía convenio.

O Sr. alcalde preguntalle ao concelleiro de ACdC-SON se cando falou do estudo económico se refire a cando llelo mande á Xunta. Ante a resposta afirmativa, dille que vale.

3º O paseo fluvial do río Mero é unha das rutas de sendeirismo máis frecuentadas do concello, aumentando día a día a práctica cicloturista e paseos a cabalo. Podemos observar como nun espazo de reducido ancho (a maioría do tempo cuberto parcialmente pola abundante maleza), onde nalgúns casos resulta perigoso producindo máis dun accidente, como consecuencia do derrubamento de cicloturistas por parte dos equinos que ocupan boa parte do espazo do paseo.

Pregamos ao Goberno tomen as medidas necesarias para dotar dunha maior seguridade, procedendo entre outras, á sinalización debidamente homologada da ruta e que poidan ser compatibles as distintas modalidades de sendeirismo.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que efectivamente no espazo do río Mero danse tres tipos de circunstancias. Unha é o mantemento, outra é a compatibilidade de uso, que empeza a ser un problema, e outra é a educación pola convivencia, que tamén comeza a ser outro problema.

Como todos saben estase a elaborar un convenio con Augas de Galicia para o mantemento, conservación e uso do río Mero. Entenden que ese pode ser o momento de abordar todas esas cuestións, a sinalización, o mantemento e todos eses problemas, e incluso o da convivencia, porque como ben saben, nun espazo tan reducido dunha sección transversal tan reducida, se non hai unha convivencia efectiva de tratamento dos ciclistas e os peóns, evidentemente vanse producir os choques, como se produciu en Cambre, onde foi abordada unha persoa, e ademais non se lle prestou auxilio, senón que se escapou.

Don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, explica que este rogo tamén vai moi enfocado á problemática que xurde cando os particulares deixan os cabalos ao carón do paseo. Entón, ao mellor cunha simple acotación de zonas ou algo así, un estudo nese sentido, poderían xa ter resoltos a maioría dos problemas que causan eses temas.

Don Juan González Leirós dille que el cre que nese sentido tamén hai un problema de escala, un cabalo é un elemento que ten 2 metros e pico de alto e, evidentemente, se vai andando, unha persoa non é capaz de competir con el. Unha bicicleta é un elemento que vén a vinte e cinco quilómetros/hora, e unha persoa tampouco pode competir con ela. Nunha sección tan estreita que non foi programada para paseo en canto ao seu uso,

senón que foi feita como ladeira para conter unhas augas, teñen un problema, un problema que haberá que valorar, pero que é difícil.

Don Antonio Bruquetas Santos sinala que agarda que agora, co convenio do que o Sr. concelleiro falou, estean todos aí, traballando por un río Mero para todos.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8134 o día 12 de setembro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Ao noso modo de ver, as advertencias cursadas a través dos medios de comunicación sobre os cortes de tráfico que se efectuarían en diversas vías do municipio polas obras de renovación do firme non foron todo o efectivas, áxiles e útiles que deberan. Rogamos consideren informar con máis detalle de tales circunstancias.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, engade que se refiren a esas obras de mellora que se fixeron sobre todo ao longo do mes de agosto. Realmente, que eles detectaran, só houbo unha advertencia xenérica, e botan en falta que houbera máis conforme os días ían avanzando. Por exemplo, el lembra un venres, ás 10:30 da noite, que estaban no alto da Pena da Nosa Señora traballando, e nun sentido e noutro chegaba a cola tanto á Barcala como a Cambre. Ese día na prensa, ou incluso a través das redes sociais, deberían ter dado un aviso de que a esa hora, máis ou menos, ou nese intervalo de horas, os que quixeran acceder a Cambre ou utilizar Cambre como punto de paso, que accederan pola Estrada da Estación ou incluso pola Volta das Carrozas, por Pravio, etc. Di que iso é un pouco o que botan en falta.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que como ben di o Sr. Carballada, as obras foron executadas en viais da Deputación, e por parte de empresas contratadas pola Deputación provincial. A pesar diso, por parte do Goberno municipal fíxose un esforzo informativo para, na medida das súas posibilidades, cunha nota xenérica nos medios de comunicación, informar de que se ían producir eses cortes de tráfico.

Nese sentido di que para outras ocasións haberá que buscar fórmulas que melloren a información aos veciños, como o Sr. concelleiro moi ben demanda.

2º Rogamos retiren á maior brevidade os valos publicitarios situados nas inmediacións do Paraugas do Temple, imposibilitando a vista da igrexa románica e afeando o contorno do Paraugas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, engade que consideran que é un tema, non urxente, pero si que non ten por que esperar ao seu modo de ver. É dicir, é a carta de presentación de Cambre e incluso el non se fixara nun primeiro momento, cando recibiron queixa ou comentario ao respecto, pero realmente parece que eses valados estean situados sobre terreo público, co cal un xa acaba por non entender nada.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, agradece en primeiro lugar a síntese dos rogos do BNG. En segundo lugar, quere dicir que esas pancartas, eses elementos, foron xa denunciados no ano 2009, e volveu a recuperarse o elemento de disciplina no ano 2014, é dicir, é un tema antigo, pero curiosamente nunca se resolveron os expedientes, nunca se acabaron de resolver. E, efectivamente, están colgados do muro que contén a estrada.

Di que iniciar este proceso parécelles de tanta importancia que non van só a vinculalo a eses elementos, senón que iniciaron unha inspección de todos os elementos dese tipo que están no concello, e cre que hai uns nove expedientes abertos. Van facer fincapé nese tema polo tema patrimonial, pero non van esquecer os outros e, polo tanto, van iniciar algo así como un monográfico sobre a cartelería irregular no Concello de Cambre e van

intentar proceder da mesma maneira que procederon coas naves da Xira, que é detección, inspección, formulación e resolución do problema.

Don Daniel Carballada Rodríguez agradece o cumprimento por parte do Sr. González Leirós á síntese dos rogos do BNG, e aproveita a ocasión para facelo extensivo ao conxunto da Corporación. Loxicamente cada un deles ten liberdade para facer as cousas como considere, pero moitas veces pecan de excesivamente prolixos nas súas redaccións.

En canto ao tema que mencionou o Sr. concelleiro, o tema da actuación na Xira, di que dende o BNG, publicamente, non lles caen prendas en facelo, felicitan ao Goberno municipal. El cre que esa é unha boa carta de presentación dun Goberno municipal, coller os toros polos cornos e actuar en cuestións que son, por un lado difíciles, e por outro que se viñan adiando de maneira total e absolutamente sistemática e premeditada por anteriores gobernos. É unha actuación valente que celebran.

E, noutra orde de cousas, se lle permite o Sr. alcalde, tamén os felicita por colocar estores no salón de plenos, ao tempo que non pode por menos que solidarizarse con Margarita, co propio Jesús, con Mariví, coa xente que estivo aí a lexislatura pasada e que lles tocou sufrir o sol nas sesións plenarias. E ademais tamén facilita que o público poida seguir o pleno debidamente.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8135 o día 14 de setembro de 2015.

1º Seguridade viaria. Cambio de posicionamento dos contedores de lixo.

Observamos que en moitas partes do concello se adoitan situar os contedores de lixo xusto antes dos pasos de peóns, segundo o sentido da marcha. E non só iso, en vías de dobre sentido cométese o mesmo erro en ambas direccións.

Por tal motivo, propoñemos o cambio de posición dos ditos contedores e a ser posible e viable, facer un espazo de reserva (para aumentar con iso a visibilidade) de restrición de aparcamento, conseguindo con iso que os peóns poidan ser vistos con suficiente antelación evitando posibles atropelos.

Acompañamos detalle gráfico da modificación proposta.

Solicitamos, por tanto que o Goberno municipal realice os trámites e xestións oportunos para levar a cabo esta proposta de modificación.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), engade que se atopan en varios sitios, na Barcala, por exemplo, hai varias rúas onde hai algúns que son moi, moi perigosos, e en máis sitios do concello.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que os contedores de lixo situados nese contorno foron obxecto dun estudo realizado pola Policía Local, co fin de recolocalos e evitar desa forma situacións de eventuais atropelos de peóns.

Empezouse con ese cambio necesario e ben formulado polo anterior equipo de goberno, hai que recoñecelo, a finais da pasada lexislatura, e recolocáronse todos os que resultaban perigosos na parroquia do Temple, en concreto no Temple está practicamente acabado, e é intención do actual Goberno seguir en datas próximas con eses traballos, que se detiveron dende a pasada lexislatura. Van a retomar os traballos para que esas situacións de perigo se poidan evitar.

Tamén quere dicir que son situacións complicadas, porque teñen que intentar conciliar dous intereses. Un, evidentemente, o interese primario, que é que os peóns poidan circular ou atravesar os camiños e estradas dunha forma segura e sen estar escondidos detrás de contedores, e outra, que calquera cambio de lugar dun contedor xera un certo problema para os usuarios deses contedores, en canto a que hai un certo costume dos usuarios a ter nun lugar o depósito, e movelo uns metros moitas veces xera problemas.

Conclúe dicindo que, en todo caso, entende que vai prevalecer o interese da seguridade dos peóns e iso é o que farán nas vindeiras datas.

Dona M^a José García Hidalgo sinala que llo agradecen, pero que a decisión de poñelo antes do paso de peóns a despois do paso de peóns, tampouco é tanta distancia como para que poida xerar protestas porque haxa moita diferenza no espazo dun sitio a outro.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que agarda que sexa así.

2º Cambio de espazo reservado para carga e descarga e reserva de prazas para discapitados no Campo da Feira.

Ante queixas recibidas de empresarios e repartidores, de que as manobras de carga e descarga se fan complicadas e perigosas para a seguridade viaria á altura da rúa Cruceiro nº 6, propoñemos que se realice un intercambio de espazos de aparcamento entre a dita rúa e a parte traseira de Abanca, segundo presentamos en foto aérea que se achega, así como unha zona especial ampla e cómoda no Campo da Feira para prazas de discapitados.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), engade que aínda que poden aparcar na zona azul libremente, esas prazas non son tan amplas nin cómodas como realmente as que están destinadas a prazas de discapitados.

O Sr. alcalde contesta que hai un estudo, un pequeno informe que fixo a Policía Local a solicitude deste rogo de Ciudadanos, onde se di que cumpren estritamente coa lei en canto ao tema das prazas. Pasarállelo a todos os voceiros.

Di o informe que teñen unha praza en Ctra. Cambre-Temple, Volta das Carrozas, na rúa Balado, dúas prazas na rúa Miguel González Garcés, unha praza en inicio de González Garcés, próxima á praza Enrique Piñeiro, tamén na rúa Pintor Pablo Manzano, unha praza na rúa traseira de Abanca, unha praza diante do concello, unha praza na rúa Wenceslao Fernández Flórez, dúas prazas na rúa Samosteiro, unha praza na rúa xunto o cemiterio municipal. O que din é que se cumpre estritamente coa legalidade.

Aproveita para dicir, por un rogo que cre que é do Partido Popular con respecto a isto, que na ordenanza reguladora recóllese que os usuarios de prazas de discapitados poden aparcar sen limitación horaria en calquera zona azul de Cambre. É verdade que aquí diante do concello había dúas prazas, non tres como se di, había dúas prazas, e eliminouse unha, pero foi porque a Policía Local viu que non se usaban as dúas prazas regularmente.

Conclúe dicindo que o Goberno non é quen para suprimir prazas que realmente se necesitan, todo o contrario, o que fixeron foi seguir un informe da Policía Local que lles facilitará a todos os voceiros dos grupos municipais.

3.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8103 o día 11 de setembro de 2015.

1ª Xeral ten sido o descontento manifestado polos veciños de Cambre sobre a campaña de roza levada a cabo recentemente no noso municipio. Non só a tardanza na súa posta en práctica, senón tamén a súa deficiente eficacia, quedando amplas zonas do noso concello sen cubrir, de forma que matos e silveiras atópanse, aínda a día de hoxe, sen limpar.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre as operacións de roza levadas a cabo, no que se informe sobre o número de cuadrillas empregadas, empresa ou empresas no seu caso contratadas, datas de actuación en cada parroquia e ámbito territorial das actuacións efectivamente realizadas, así como das actuacións pendentes.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que a empresa que resultou adxudicataria da contratación do servizo de roza de camiños foi a empresa "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.". En concreto a cuadrilla estaba formada por dous tractores e un traballador a pé con máquina de roza manual para remates e limpeza de restos caídos sobre a calzada. O prazo de execución que ofertou, e polo que se lle adxudicaron estes traballos era de un mes e medio. Empezou a traballar o día 20 de xullo e a día de hoxe seguen os traballos, se ben é certo que se teñen executado, segundo datos facilitados pola propia empresa, 196,6 quilómetros, dun total de 219, que eran os que tiña contratados para executar.

As molestias que se teñen ocasionado aos veciños, si é certo que se teñen producido. Di que non están conformes con como se estaban executando os traballos. Por parte da empresa tense rectificado un pouco, pero non o suficiente na súa opinión, en canto aos restos que deixaban da roza polos tractores enriba da calzada, e que no primeiro mes, mes e medio, foron bastante grandes, á parte doutras deterioracións que se produciron en elementos anexos ao que é a zona dos noiros onde se rozaba.

Conclúe dicindo que están pendentes de acabar todos eses traballos para facer unha análise exhaustiva do contratado, do executado, e, a partir de aí, tomar decisións. Pero repite que coinciden co grupo popular en que non lles ten gustado a forma en que traballou esta empresa.

2ª Trala construción pola Fundación Amancio Ortega dunha gardería na parroquia cambresa do Temple, en virtude do convenio asinado polo anterior Goberno municipal, a súa xestión atópase pendente da sinatura dun convenio entre o noso concello e o Consorcio Galego de Benestar, ente dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Iniciado xa o curso escolar, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno sobre as negociacións que se están levando a cabo co Consorcio Galego de Benestar para a sinatura do mencionado acordo así como os seus termos.

O Sr. Manuel Rivas, voceiro do PP, sinala que esta segunda pregunta case non é pregunta, porque xa foi contestada, respondeuse cre que foi ao representante de ACdC-SON, polo tanto non ten sentido facela, dada a explicación que deu o Sr. Bao. O que si lle pide é que lles envíe os informes económicos que está pendente de recibir da Xunta de Galicia, e cre que despois de mes e medio o lóxico sería facerlle á Xunta a reclamación oportuna.

Pídelle que lles faga saber todos os contactos que teñan e cando se vai asinar ese convenio, se é que se vai asinar, e sobre todo o máis importante, unha obra que está acabada, que a estas alturas, xa iniciado o curso, que estea sen abrir, cre que hai que facer a suficiente presión coa Xunta de Galicia para que estea a disposición dos alumnos que están matriculados nela.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, manifesta que quere facer unha mínima puntualización. Non vai redundar no que ten dito anteriormente ao rogo de ACdC, só dicir que por parte do Goberno municipal estase facendo canto está nas súas mans, incluso extralimitándose nas súas atribucións. Pide que quede constancia da mobilización que por parte do Sr. alcalde se está facendo de departamentos como Urbanismo, Obras e Servizos e incluso Benestar Social, de cara a contribuír a que a escola infantil inicie a súa actividade canto antes.

Repíte o que xa dixo anteriormente, os tempos, os ritmos, está a marcalos unilateralmente o Consorcio Galego. O concello está, por así dicilo, asumindo labores de xestión, incluso contratando servizos que logo terán que derivar ao titular, precisamente de cara, como xa dixo, a que os prazos se acurten ao máximo. Entenden que eles non poden loxicamente dar datas, porque non teñen instruído o procedemento, non teñen matriculado aos nenos, pero cren que será en datas próximas. É canto pode dicirlles, pero insiste unha vez máis en que o Concello de Cambre agora mesmo está a disposición e ao servizo do que o Consorcio está pedindo, para contribuír a que os prazos, como dixo anteriormente, se acurten ao máximo.

Entende que é cuestión de días, e non sabe se o Sr. alcalde ten información adicional que poida facilitarlles.

O Sr. alcalde manifesta que non, que non ten ningún tipo de información, non se teñen posto en contacto con eles despois de ter recepcionado as obras de urbanización e poñelas a disposición do Consorcio Galego, ata aí teñen falado. Non teñen falado máis co concello nin lles teñen comunicado absolutamente nada, esa é a última conversación que tiveron.

A unha pregunta do voceiro do PP, o Sr. alcalde reitera que a obra urbanizadora si, xa está posta a disposición do Consorcio Galego. A edificación non, a obra urbanizadora. Está recepcionada parcialmente a obra urbanizadora.

3ª En sesión plenaria celebrada o pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular solicitou ao equipo de goberno, entre outros rogos, informe sobre a contratación do gabinete de prensa que aparecía publicitado na páxina web do concello.

En contestación ao dito rogo, por parte do Sr. alcalde contestouse que as funcións do dito gabinete de prensa estaban sendo aboadas por medio de vales pedido.

Á vista de tal xustificación, o Grupo Municipal Popular solicita do equipo de goberno que informe sobre a oportunidade e legalidade de tal medio de pago para o abono dos ditos servizos, contrato existente, informes que no seu caso existan dos departamentos competentes sobre o particular (alcaldía, contratación, intervención, tesourería, secretaría, etc.), previsións de estender a utilización do dito medio de pago a outros supostos, así como da regularización da situación actualmente existente.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que os servizos do gabinete de prensa están sendo xustificadas, mentres non se leve a cabo a súa contratación definitiva, por medio de vale de pedido, cun importe mensual de 1.950 euros.

A regulación da fórmula de vale de pedido como forma de xestión de gasto está recollida na base vixésimo cuarta das bases de execución do orzamento municipal do 2014, prorrogado para o ano 2015, que sinala como norma xeral que a xestión de gastos de contía inferior a 5.000 euros só esixirá autorización do concelleiro correspondente por medio de vale de pedido. Evidentemente esta é unha forma legal, recollida no documento orzamentario, e que se vai utilizar, coas cautelas que hai que utilizar, e dentro da legalidade, sempre que sexa

preciso. Esta é unha situación temporal e entenden que é a forma de cubrir a xustificación de gasto que se propón.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8159 o día 11 de setembro de 2015, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Temos recibido queixas pola eliminación de prazas de aparcamento reservadas para discapacitados diante do concello.

Poden informarnos sobre os motivos que levaron a eliminar dúas das tres prazas de aparcamento para discapacitados diante do concello co novo repintado e se existe algún tipo de previsión para compensar, ben dentro da praza ou nas proximidades as ditas prazas reservadas?

O Sr. alcalde contesta que ten un informe específico para este rogo que lles fará chegar, e pídelle perdón porque antes dixo que era un rogo do PP e era de ACdC-SON. Explica que o que pretendían en principio é ampliar o máximo número de prazas para que os veciños que veñan facer calquera xestión ao concello poidan dispoñer de prazas e dos 30 minutos libres, pretendían ampliar iso ao máximo posible, sempre co informe da Policía Local.

A Policía Local dixo que dúas prazas non eran necesarias neste momento, polo uso que se lles estaba dando e, polo tanto, limitouna a unha. Reitera que lles fará chegar o informe.

2ª Sendo conscientes de que a contratación das orquestras que actuaron nas festas de Santa María de Cambre non dependeu do actual Goberno, si podemos observar segundo a acta da Xunta de Goberno local de 15 de xullo que o concelleiro delegado da Área de Cultura informa que o importe para o pago de tres orquestras ascendeu a 51.667 euros. A cantidade parécenos máis que desmesurada tendo en conta que a media por orquestra sae a máis de 17.000 euros. De cara ás festas do ano que vén entendemos que se deberá tomar máis dunha decisión respecto destas cantidades absolutamente obscenas, ao noso modo de ver, que se aboan das arcas municipais a espectáculos de moi dubidosa calidade e sobre todo moi dubidosa fiscalidade, segundo a información ultimamente coñecida.

Pode informarnos o concelleiro responsable das súas conclusións sobre o proceso de contratación destas orquestras así como da xustificación que poida constar no expediente sobre o seu elevado importe?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, contesta que sen entrar a valorar a dubidosa calidade dos espectáculos contratados, como se expón na formulación da pregunta, en canto á cuestión dos orzamentos das festas de Cambre o custo efectivamente sorprende por varios motivos. A xustificación que consta no expediente de Contratación desenvolve os seguintes argumentos. En primeiro lugar iníciase un expediente cunha providencia do entón concelleiro delegado de Cultura e Turismo, dirixida á dinamizadora cultural, onde se lle indica, e isto é importante, tanto as orquestras a contratar, como o seu importe. Iso mediante unha providencia. De tal xeito, tratouse evidentemente dunha xestión directa do devandito concelleiro co representante das orquestras, na que non participaron, por outra banda, nin estiveron presentes os técnicos municipais.

No expediente de contratación tamén consta un informe técnico, é dicir, os técnicos non se quedaron parados, obviamente, e consta un informe técnico en resposta á providencia do concelleiro, no que se lle advirte do seguinte: Primeiro, que a contratación artística, que é o que custan esas tres orquestras, as que se propoñen nesa providencia, é no 2015 14.000 euros máis cara que a do ano 2014, elevando o custo á cantidade de 67.639 euros. Iso por unha banda.

O segundo punto manifestado no informe técnico é que, estando vixente o orzamento prorrogado do ano 2014, é obvio que non había orzamento para afrontar a suba de 14.000 euros.

O terceiro punto. No informe técnico incídese en que os gastos das festas non son só da contratación artística, hai que engadir outros gastos derivados, como por exemplo os gastos derivados da churrascada, os fogos de artifício, o aluguer da carpa, os xeradores, a subministración eléctrica, etc., que supoñen un incremento duns 20.000 euros. Iso con independencia das orquestras contratadas.

Á vista do informe técnico, o concelleiro reformula a contratación e cambia a orquestra *Sintonía de Vigo* por *Xente Nova*, e as outras dúas seguen sendo *Armonía Show* e *Filadelfia*, de xeito que baixa os 14.000 euros de incremento anterior, e deixa o orzamento da contratación artística como no ano 2014. Suponse que eses 14.000 euros é o que custaba de máis a orquestra *Sintonía de Vigo*.

Como corolario, di que hai que subliñar que as orquestras do ano 2014 foron *Combo Dominicano*, *Fania* e *París de Noia*, cuxo custo, como se desprende de todo o anterior, foi o mesmo que o custo das orquestras do ano 2015.

Di que estes son os datos obxectivos, figuran no expediente de contratación, e téñenos todos os concelleiros á súa disposición en Cultura.

En canto á súa conclusión, dille que son dúas preguntas, pero que vai contestalas. Di que el, como bo galego, pódelle responder con outra pregunta, unha pregunta se quere retórica, ou que poden contestar como queiran. Diante destes datos pregunta se pode ou debe un concello como o de Cambre permitirse o luxo de gastar esas desorbitadas cantidades na organización dunha festa parroquial.

Por último, diante desta situación, a Concellería de Cultura e Tradicións Populares efectivamente está barallando diversas opcións para o ano 2016, das que todos os concelleiros serán debida e oportunamente informados.

3ª Como consecuencia do desmonte realizado en xuño, na rúa Freixo, estase a producir un desprendemento do noiro que limita coa estrada. Nese mesmo mes fíxose tamén a instalación duns puntos de luz ao longo da estrada. Agora, dado que a masa forestal que facía ao noiro forte sustento, estase a producir o desprendemento da terra en canto caen catro gotas de auga, non pensemos no inverno, coas trombas de auga que caen, o que pode pasar cos farois. Ademais coa roza, os restos vexetais non recollidos xúntanse coa terra que foi caendo procedente do noiro, e ameaza con anegar a propia estrada en canto veñan as próximas choivas do inverno.

Por todo isto Asemblea de Cambre pregunta:

Ten o Goberno coñecemento desta situación de potencial perigo e que ten pensado facer ao respecto?

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que si, que teñen coñecemento desa situación.

Quere facer unha pequena referencia histórica de como foi todo ese proceso nese camiño. En concreto o desmonte, que non é tal desmonte. A roza da maleza dos laterais dos noiros nese camiño, realizouse en marzo do 2015 ante a negativa do propietario do terreo onde estaba esa maleza a facelo. Fíxose unha execución subsidiaria con medios do concello ou contratados, non lle sabe dicir, pero o certo é que se podaron as árbores e se rozou a maleza nos noiros existentes.

O que si se fixo en xullo foi a instalación de postes de iluminación pública, en concreto catro postes de formigón coas súas correspondentes luminarias.

O noiro existente, un noiro de bastante altura, tres ou catro metros, é de titularidade privada, polo que, ante posibles derrubamentos evidentemente serán responsabilidade dos propietarios eses derrubamentos que se poidan producir. O que é certo é que en caso de producirse a brigada de obras actuaría rapidamente para deixar expedito o camiño e que puideran circular vehículos e peóns.

En concreto a roza que se realizou en marzo de 2015, mantivo o enraizamento xa existente da vexetación no noiro, co cal non é o mesmo que se tiveran botado algún tipo de herbicida, que entón si que morrería. Mantendo o enraizamento, agardan que non se produzan desprendementos de terra, e de producirse, sería responsabilidade, en todo caso dos propietarios dese terreo e noiro correspondente, e ao concello corresponderíalle amañar aquilo cando se produza o problema.

Conclúe dicindo que mentres tanto non se poden adoptar outras medidas.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8134 o día 12 de setembro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Logo de sucesivas demandas ao respecto, a empresa concesionaria limpou os colectores de lixo da zona do Graxal. Sorpresivamente esta limpeza só afectou á parte exterior dos colectores, polo que ao seguir sucias as paredes interiores estes seguen fedendo, en especial en días de temperaturas elevadas. Que pensa facer o Goberno municipal ao respecto?

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que nos meses de verán na zona urbana os colectores de lixo límpanse interiormente unha vez ao mes, e no resto do ano con carácter trimestral, unha vez cada tres meses.

O que si pode a xente trabucarse é porque existe unha brigada específica que en datas en concreto, como poden ser festas ou calquera tipo de data sinalada, fai unha limpeza exterior dos colectores, meramente estética, pero a obriga de limpeza interior e exterior dos contedores co camiión preparado para iso, xa dixó que nos meses de verán na zona urbana é con carácter mensual, e no resto dos meses é con carácter trimestral.

En todo caso, dilles que se aprecian que puntualmente hai algunha situación que merece ser revisada, pídelles que llo fagan chegar, porque a empresa está atendendo ese tipo de solicitudes con prontitude.

2ª Que valoración fai o equipo de goberno das festas de Cambre?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, contesta que a valoración xeral non é positiva, como non pode ser doutra maneira, e iso debido a varios factores. Por un lado o custo, consideran que o custo é absolutamente excesivo e desproporcionado. Por outro lado, en canto á valoración, a asistencia de público foi cativa, agás nas sesións vermús. As razóns poden ser varias, debido probablemente tamén a que a oferta musical non foi moi atractiva, aínda que esa é unha valoración, por suposto. Ademais, hai que ter en conta a gran cantidade de eventos diversos que tiveron lugar os mesmos días por toda a bisbarra. Están falando das festas da Nosa Señora e hai festas en todos os sitios.

A todo o anterior hai que engadir que a climatoloxía tampouco axudou. Por último, se salientan algo positivo das festas, é a ausencia total de calquera tipo de incidente.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia